

Guía de uso de EUR-Lex



CENTRO DE ESTUDOS
E DOCUMENTACIÓN EUROPEOS DA USC



EUR-LEX

Sofía Rodríguez López
Febreiro de 2025

Guía de uso

CONTIDOS

1. Introducción	1
1.1 <i>Que é EUR-Lex e como funciona</i>	1
1.2 <i>Páxina principal do sitio</i>	4
2. Numeración e identificación dos documentos	8
2.1 <i>Código CELEX</i>	8
2.2 <i>Código ECLI</i>	9
2.3 <i>Identificador Europeo de Lexislación (ELI)</i>	10
3. Tratados, actos xurídicos, textos consolidados, acordos internacionais e documentos preparatorios	11
3.1 <i>Tratados</i>	11
3.2 <i>Actos xurídicos</i>	11
3.3 <i>Textos consolidados</i>	12
3.4 <i>Acordos internacionais</i>	12
3.5 <i>Documentos preparatorios</i>	12
4. Busca de información	12
4.1 <i>Busca rápida</i>	13
4.2 <i>Busca no Diario Oficial da UE</i>	15
4.2 <i>Busca por número de documento</i>	18
4.3 <i>Busca no Diario Oficial da UE</i>	21
4.4 <i>Busca avanzada</i>	23
6 Xurisprudencia da UE	25
6.1 <i>Dereito e xurisprudencia nacionais</i>	27
7. Textos consolidados	29
8. Sínteses da lexislación da UE	30
9. Conta de usuario	32
9.1 <i>Rexistrarse en EUR-Lex</i>	32
9.2 <i>Gardar elementos</i>	33
9.3 <i>Gardar busca</i>	34
9.4 <i>Seguir un procedemento lexislativo</i>	35

1. INTRODUCCIÓN

1.1 Que é EUR-Lex e como funciona

A base de datos EUR-Lex, xestionada pola Oficina de Publicacións da UE, garante o libre acceso á lexislación comunitaria e a outros documentos públicos nas 24 linguas oficiais da UE.

EUR-Lex ofrece unha ampla gama de opcións para buscar nas súas distintas coleccións, así como numerosas funcións que satisfán as diferentes necesidades dos usuarios.

EUR-Lex alberga o Diario Oficial da UE, este é a publicación oficial dos actos xurídicos da UE. Publica diariamente, de luns a venres, a Oficina de Publicacións da UE nas 24 linguas oficiais da UE.

En casos urxentes, o Diario Oficial publícase os sábados, domingos e festivos.

EUR-Lex contén a versión electrónica de todos os Diarios Oficiais dende a primeira edición. Dende o 1 de xullo de 2013, só as edicións electrónicas do Diario Oficial son auténticas e producen efectos xurídicos.

Por exemplo, pódese acceder facilmente a calquera edición do Diario Oficial buscar escribindo texto libre ou combinando diferentes criterios. Tamén se poden visualizar até tres versións lingüísticas do mesmo documento simultaneamente.

Ademais, pódese crear unha conta de usuario o que permite personalizar e adaptar a web ás necesidades específicas de cada un e aproveitar outras características adicionais.

Os documentos están organizados do seguinte modo:

Dereito da UE, que se subdivide en:

- Tratados, entre os que se atopan:

Tratados vixentes.

Tratados constitutivos.

Tratados de adhesión.

Outros tratados e protocolos.

- Actos xurídicos
- Textos consolidados.
- Acordos internacionais da UE.

- Documentos preparatorios.
- Documentos da AELC.
- Procedementos de adopción normativa.
- Síntese da lexislación da UE.
- Institucións da UE, nas que atopamos:

Parlamento Europeo

Consello Europeo

Consello da UE

Comisión Europea

Tribunal de Xustiza da UE

Banco Central Europeo

Tribunal de Contas Europeo

Comité Económico e Social Europeo

Comité Europeo das Rexións

- Eurovoc
- Xurisprudencia da Unión, coas seccións:

Xurisprudencia.

Recompilación da xurisprudencia.

Repertorio de xurisprudencia.

- Dereito e xurisprudencia nacionais, onde pode atopar:

Transposición nacional do dereito da UE.

Xurisprudencia nacional.

JURE (Colección da xurisprudencia)

- Diario Oficial, coas seccións:

Acceso ao Diario Oficial

Visualización por día da serie L do Diario Oficial

Visualización por día da serie C do Diario Oficial

Consultar el Diario Oficial

Versións impresas con efecto xurídico

Edición especial

• Información, coas seccións:

Temas destacados

Novidades de EUR-Lex

Estadísticas

Rexistro do ELI

Orzamento en liña

Para obter máis información sobre os tipos de documentos que se poden atopar baixo cada un dos apartados anteriores, [pode visitar esta páxina](#).

Para poder atopar dunha forma rápida e intuitiva o que ofrece a páxina de EUR-Lex, visite o [mapa do sitio](#).

1.2 Páxina principal do sitio

Temos aquí unha imaxe da páxina principal do sitio, e a continuación aparecerán explicados os elementos principais:

The screenshot shows the EUR-Lex website homepage. At the top left is the 'Unión Europea' logo. At the top right, there is a user profile 'Mi EUR-Lex' and a language selector 'Español' circled in red with a red arrow pointing to it. Below the header, there is a search bar with the text 'BÚSQUEDA RÁPIDA' and a 'BUSCAR' button. A red arrow points to the search bar. To the right of the search bar, there is a 'Diario Oficial' section with two entries: 'DO serie L: 18/11/2024 (17 actos legislativos)' and 'DO serie C: 18/11/2024 (14 actos legislativos)'. Below the search bar, there is a 'NOVEDADES' section with the text 'Háblenos un poco de usted'. In the center, there are three main navigation columns: 'Derecho de la UE', 'Jurisprudencia de la Unión', and 'Derecho y jurisprudencia nacionales'. To the right of these columns, there is a search filter section with a green border and a green arrow pointing to it. The filter section has two tabs: 'Buscar resultados por número de documento' and 'Buscar resultados por código CELEX'. The first tab is active and shows fields for 'Año' and 'Número', and a dropdown for 'Todos los tipos de docum'. Below the filter section, there are two buttons: 'Medidas de solidaridad con Ucrania' and 'EU Law Tracker - NUEVO'. At the bottom of the page, there is a footer with several sections: '¿Necesita ayuda?', 'Información', 'Otros servicios', 'Contactar con la UE', 'EU institutions', 'Medios sociales', and 'Cuestiones jurídicas'.

Ilustración 1

Na ilustración 1 podemos observar tres apartados indicados cas frechas de cor rosa, vermella e verde. É necesario coñecer como facer uso destas ferramentas que ten a web na súa páxina principal para que as buscas sexan máis doadas

Xanela para idioma (frecha vermella):

A opción indicada ca frecha vermella na parte superior dereita da páxina web permite cambiar o idioma de visualización do sitio. Neste caso, está configurado en **Español**. Ao facer clic nesta opción, despregarase un menú onde poderás seleccionar outros idiomas oficiais da UE como o inglés.

Barra de busca xeral (frecha rosa):

Sitúase na parte superior central da páxina, xusto debaixo da cabeceira. Permite realizar buscas rápidas de documentos relacionados co dereito da UE. O usuario pode introducir palabras chave, frases, títulos ou conceptos para buscar lexislación, xurisprudencia ou publicacións relacionadas.

Modo de emprego:

1. Introducir termos relevantes no cadro de texto.
2. Facer clic no botón “Buscar” (á beira do cadro de texto) para visualizar os resultados.

Resulta moi útil á hora de buscar lexislación recente ou documentos relevantes sobre un tema particular. Tamén para localizar información xeral sobre o marco legal da UE. Doutra banda é útil para buscas preliminares ou cando non se ten unha referencia concreta. A súa vantaxe é que é rápida e accesible para quen non coñece o número de documento nin o código CELEX.

Ferramentas de busca avanzada (frecha verde)

Encontramos na columna dereita, dentro dun cadro destacado.

Inclúe dúas ferramentas específicas:

- Buscar resultados por número de documento: localiza documentos legais inserindo o seu número único.

Modo de emprego:

1. Introducir o número asignado ao documento oficial.
2. Pulsar “Buscar” para acceder directamente ao documento correspondente.

A vantaxe é que resulta ideal para usuarios que xa coñecen o número exacto do documento que desexan consultar, aforrando tempo.

Exemplo: Se se busca o "Regulamento (UE) 2016/679" (Regulamento Xeral de Protección de Datos), pódese introducir ese número para atopalo directamente.

- Buscar resultados por código CELEX (explicado no apartado 2.1):

Permite localizar documentos mediante o código CELEX, un identificador único que organiza os documentos legais da UE.

Modo de emprego:

1. Inserir o código CELEX (por exemplo, "32016R0679").
2. Pulsar "Buscar" para acceder ao documento.

Preciso e eficiente para xuristas, académicos ou expertos que manexan códigos CELEX regularmente. Facilita a busca de documentos específicos de forma exacta.

Exemplo: Se se ten o código CELEX dunha directiva específica, como "31995L0046" (Directiva de protección de datos de 1995), esta ferramenta leva directamente ao texto sen necesidade de buscas adicionais.

Na ilustración 1 tamén podemos observar 4 recadros onde os documentos están organizados do seguinte modo:

- Dereito da UE, que se subdivide en:

Tratados, entre os que se atopan:

- Tratados vixentes.
- Tratados constitutivos.
- Tratados de adhesión.
- Outros tratados e protocolos.

Actos xurídicos

Textos consolidados.

Acordos internacionais da UE.

Documentos preparatorios.

Documentos da AELC.

Procedementos de adopción normativa.

Síntese da lexislación da UE.

Institucións da UE, nas que atopamos:

Parlamento Europeo

Consello Europeo

Consello da UE

Comisión Europea

Tribunal de Xustiza da UE

Banco Central Europeo

Tribunal de Contas Europeo

Comité Económico e Social Europeo

Comité Europeo das Rexións

Eurovoc

- Xurisprudencia da Unión, coas seccións:

Xurisprudencia.

Recompilación da xurisprudencia.

Repertorio de xurisprudencia.

- Dereito e xurisprudencia nacionais, onde pode atopar:

Transposición nacional

Xurisprudencia nacional

JURE (Colección da xurisprudencia)

- Información, coas seccións:

Actualidade

Cambios recentes en EUR-Lex

Estadísticas

Rexistro do ELI

Orzamento en liña

Para obter máis información sobre os tipos de documentos que se poden atopar baixo cada un dos apartados anteriores, [pode visitar esta páxina](#).

Para ver dunha forma rápida e intuitiva como están organizados os contidos que ofrece o sitio de EUR-Lex, visite o [mapa do sitio](#).

2. NUMERACIÓN E IDENTIFICACIÓN DOS DOCUMENTOS

2.1 Código CELEX

O código CELEX é un identificador único que está presente en case todos os documentos publicados no EUR-Lex. Contén información importante e que pode resultar de axuda para axilizar a busca, relacionar textos e obter información sobre o documento a primeira vista. O código CELEX consta de 4 partes, cada unha relacionada con un dos seguintes conceptos: sector, ano, tipo de documento e número de documento.

Os documentos CELEX clasifícanse en 12 sectores.

1. Tratados.
2. Acordos internacionais.
3. Actos xurídicos.
4. Lexislación complementaria.
5. Documentos preparatorios.
6. Xurisprudencia da Unión.
7. Medidas nacionais de transposición.
8. Xurisprudencia nacional.
9. Preguntas parlamentarias.
10. Textos consolidados.
11. Outros documentos publicados na serie do Diario Oficial.
12. Documentos da AELC.

O tipo de documento désígnase mediante letras:

- Sector 3 (Actos xurídicos):

D – Decisións.

L – Directivas.

R – Regulamentos.

- Sector 6 (Xurisprudencia):

CJ – Sentenzas do Tribunal de Xustiza.

CC – Conclusións do avogado xeral.

CO – Autos do Tribunal de Xustiza.

- Sector 5 (Documentos preparatorios.):

PC – Propostas legislativas da Comisión (documentos COM, etc.).

DC – Outros documentos COM (libros verdes e brancos, comunicacións, informes, etc.)

SC – Documentos SEC e SWD (documentos de traballo, avaliacións de impacto, etc.).

JC – Documentos JOIN (adoptados conxuntamente pola Comisión e a Alta Representante da Unión en asuntos exteriores).

A maior parte dos códigos CELEX terminan en 4 díxitos. Estes reflicten distintos tipos de información, por exemplo:

- Código oficial – 32017R**2394**. Trátase dun código secuencial que mostra cando se publicou o documento no Diario Oficial. Está asignado pola Oficina de Publicacións.
- Código interno – 52018PC**0033**. Asignado polo autor do documento, neste caso, a Comisión.
- Data de publicación – 32012A**0424**(01). Mostra o mes e o día de publicación no Diario Oficial. Vai seguido dun código secuencial entre paréntese, xa que se poderían ter publicado outros códigos CELEX iguais na mesma data.

Reglamento (UE) 2024/2803 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 23 de octubre de 2024, relativo a la realización del Cielo Único Europeo, (versión refundida) (Texto pertinente a efectos del EEE)
PE/97/2024/INIT

OJ L, 2024/2803, 11.11.2024, ELI: <http://data.europa.eu/eli/reg/2024/2803/oj> (BG, ES, CS, DA, DE, ET, EL, EN, FR, GA, HR, IT, LV, LT, HU, MT, NL, PL, PT, RO, SK, SL, FI, SV)

● Vigente

Sector

Código CELEX: 32024R2803 → Otra información

Forma: Reglamento

Tipo de documento

Año

Autor: Parlamento Europeo, Consejo de la Unión Europea

Fecha del documento: 23/10/2024; fecha firma

Ilustración 2

2.2 Código ECLI

O identificador europeo de xurisprudencia ECLI é un identificador de documentos xurídicos, pensado para facilitar o emprego das bases de datos europeas de xurisprudencia.

Forma de ECLI:

O identificador consta de cinco compoñentes, na seguinte orde, separados por dous puntos:

- 1 Sigla ECLI.
- 2 Código do país (2 caracteres).
- 3 Código do tribunal (1-7 caracteres).
- 4 Ano da resolución (4 cifras).
- 5 Número único de identificación (máximo de 25 caracteres; admite puntos).

Sentencia del Tribunal de la Función Pública (Sala Primera) de 2 de octubre de 2012. Q contra Comisión Europea.
Función pública.
Asunto F-52/05 RENV. **Código do país**
Identificador Europeo de Jurisprudencia: ECLI:EU:F:2012:137 **Código do Tribunal**
+ Más información **Data da publicación**

Ilustración 3

2.3 Identificador Europeo de Lexislación (ELI)

Este código identifica a lexislación nacional e da UE. Permite o intercambio de información sobre a lexislación nacional e da UE.

Os identificadores ELI asígnanse a unha gran variedade de textos lexislativos publicados na serie L do Diario Oficial (regulamentos, directivas e decisións) e aos actos consolidados. Aparecen nas fichas dos documentos baixo a epígrafe “Título e referencia”.

Os usuarios poden buscar entre os documentos que posúen un identificador ELI ou realizar unha busca mediante o enlace do ELI.

O tipo máis simple de ELI ten a seguinte estrutura:

[http://data.europa.eu/eli/{tipoDeDocumento}/{anoDeAdopción}/
{númeroDeDocumento}/oj](http://data.europa.eu/eli/{tipoDeDocumento}/{anoDeAdopción}/{númeroDeDocumento}/oj)

Existen outros moitos tipos, por exemplo para textos consolidados.

Por exemplo, o ELI da Decisión 2009/496/CE é

<http://data.europa.eu/eli/dec/2009/496/oj>.

3. TRATADOS, ACTOS XURÍDICOS, TEXTOS CONSOLIDADOS, ACORDOS INTERNACIONAIS E DOCUMENTOS PREPARATORIOS

3.1 Tratados

Esta sección de EUR-Lex, tratados constitutivos, de reforma e de adhesión de todos os estados membros, ademais dalgúns protocolos.

Estes son os tratados máis relevantes:

- Tratados da Union Europea (versión consolidada 2016).
- Tratados de Funcionamento da UE (versión consolidada 2016).
- Carta dos Dereitos Fundamentais da UE (2016).
- Tratados constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica (versión consolidada 2016)
- Tamén se pode atopar o [tratado de adhesión de España](#).

Tratado de adhesión de España y de Portugal (1985)

Título y año del documento	Diario Oficial	EUR-Lex (Código CELEX)
Tratado de adhesión de España y de Portugal (1985)	DO L 302 de 15.11.1985	11985/TXT
Dictamen de la Comisión, de 31 de mayo de 1985, relativo a las solicitudes de adhesión del Reino de España y de la República Portuguesa a la Comunidad Europea del Carbon y del Acero	DO L 302 de 15.11.1985, p. 3	11985/AVI/COM
Decision del Consejo de las Comunidades Europeas, de 11 de junio de 1985, relativa a la adhesión del Reino de España y de la República Portuguesa a la Comunidad Europea del Carbon y del Acero	DO L 302 de 15.11.1985, p. 5/6	11985/DEC/KSG
Decision del Consejo de las Comunidades Europeas, de 11 de junio de 1985, relativa a la admisión del Reino de España y de la República Portuguesa en la Comunidad Económica Europea y en la Comunidad Europea de la Energía Atómica	DO L 302 de 15.11.1985, p. 7/8	11985/DEC/CEE/EUR

Ilustración 4

3.2 Actos xurídicos

En canto aos actos xurídicos, poden atoparse tanto instrumentos xurídicos vinculantes (regulamentos, directivas e decisións), como instrumentos xurídicos non vinculantes (resolucións e ditames).

O [repertorio de actos xurídicos](#) permítelle acceder a todos os instrumentos xurídicos clasificados segundo as diferentes temáticas.

Ao facer clic en calquera das categorías irá á pantalla de busca, onde terá a opción de utilizar a ferramenta “afinar busca”.

3.3 Textos consolidados

A consolidación consiste na integración nun só texto legal de todas as sucesivas modificacións e correccións. Para elo reúnense varios textos, publicados en distintos números do Diario Oficial da UE, nun só “documento consolidado” máis doado de ler.

Os textos consolidados créanse para fins de documentación. Son textos que non teñen ningún valor legal. Para fins legais deben empregarse os textos publicados no Diario Oficial.

3.4 Acordos internacionais

Aquí pode buscar na colección que abarca todos os instrumentos elaborados pola UE no exercicio das súas responsabilidades internacionais:

- Acordos realizados pola UE con países non membros ou con organizacións internacionais nos seus ámbitos de responsabilidade específicos.
- Acordos realizados conxuntamente polos estados membros e a UE nos ámbitos de responsabilidade compartida (acordos mixtos).
- Decisións de comités mixtos creados en virtude de acordos internacionais e nos que participan representantes das partes para efectos de xestión do acordo.

Tamén se pode empregar o [repertorio de acordos internacionais](#), para ver todos os acordos internacionais ordenados por temáticas, e os acordos máis recentes.

3.5 Documentos preparatorios

Os documentos preparatorios son documentos empregados para elaborar a lexislación da UE e presentados nas distintas fases do procedemento legislativo e orzamentario. Os principais tipos de documentos preparatorios son:

- Propostas legislativas da comisión.
- Posicións comúns do Consello.
- Regulamentos e iniciativas legislativas e orzamentarias do Parlamento Europeo.
- Ditames do Comité Económico e Social Europeo.
- Ditames do Comité das Rexións.

4. BUSCA DE INFORMACIÓN

Na páxina de EUR-Lex pode buscar documentos de diferentes modos.

4.1 Busca rápida

Na barra superior de busca rápida, pode buscar calquera tipo de documento.

- Poden empregarse comiñas (“ ”) para buscar unha frase exacta, por exemplo “cotas pesqueiras”.
- Un asterisco (*) que substitúe un ou máis caracteres (por exemplo, por dire* buscará directiva, etc.)
- Un signo de interrogación (?) que substitúe un só carácter (por exemplo por t?x buscará tax, téxtiles, etc.)




Ilustración 5

Exemplo de busca rápida:

Supoñamos que quere atopar o seguinte:

Texto consolidado: Regulamento (CE) n.º. 1334/2008 del Parlamento Europeo e do Consello do 16 de decembro do 2008 sobre os aromas e determinados ingredientes alimentarios con propiedades aromatizantes empregados nos alimentos e polo que se modifican o Regulamento (CEE) n.º. 1601/91 do Consello, os Regulamentos (CE) n.º. 2232/96 e (CE) n.º. 110/2008 e a Directiva 2000/13/CE. Texto pertinente para efectos do [EEE](#).

Como pode ver (rodeado en vermello) o número de documentos que resultan buscando ingredientes alimentarios é enorme, polo que haberá que empregar o menú da esquerda, “Afinar a consulta” (marcado en morado):

Empregando a ferramenta de afinar a consulta, pode seleccionar o ano (2008), o tipo de documento por subsección (texto consolidado), por autor (Consello da UE) e se fose preciso, por mes (decembro).



Ilustración 6




Ilustración 7

Como pode observar, despois de marcar os parámetros á esquerda, unicamente aparecerá o documento que estabamos buscando. Facendo clic no documento, irá á seguinte pantalla, onde pode atopar en diferentes linguas e formatos. Ademais de descargalo, poderémolo gardar para acceder a el noutro momento ou obter unha ligazón permanente.



Ilustración 8

4.2 Busca no Diario Oficial da UE

No Diario Oficial poden atoparse as publicacións máis recentes, tanto de lexislación (L) como de comunicacións e informacións (C).



Ilustración 9

No recadro principal temos dúas opcións de busca:

1. Facendo clic en «Serie L do DO» ou «Serie C do DO» (cadro amarelo). Estes enlaces levaranlle a unha páxina específica denominada «Visualización por día», que ofrece unha visión xeral dos Diarios Oficiais publicados nun día determinado.

2. Facendo clic na opción “Diario Oficial” (frecha vermella) pode buscarse unha publicación específica. Desta maneira accederá á seguinte pantalla, onde poderá buscar da maneira que veremos a continuación:




Ilustración 10

No 2023 o EUR-Lex modificou a estrutura do Diario Oficial pasando a publicalo acto por acto e non so polas dúas series clásicas, (L) e (C), lexislación e comunicacións.


No menú sinalado cun cadro verde podemos escoller entre series e subseries, que explicamos a continuación:

- a. Serie L: Contén lexislación da UE.
- b. Subserie LI: foi introducida para flexibilizar a planificación e numeración do Diario Oficial. Interrompida coa publicación do Diario Oficial acto por acto.
- c. Subserie LM: é exclusivamente para a publicación do material atrasado en maltés.
- d. Serie C: contén outros documentos oficiais das institucións, organismos e axencias da UE.
- e. Subserie CA: contén anuncios de vacantes e convocatorias de manifestacións de interese. Interrompida coa publicación do Diario Oficial acto por acto.
- f. Subserie CI: introducida para flexibilizar a planificación e numeración do Diario Oficial. Interrompida coa publicación do Diario Oficial acto por acto.

- g. Series Históricas: contén actos legislativos publicados antes de 1967 (*Series A e P*) e documentos electrónicos publicados entre 1999 e 2014 (*Subserie CE*).
- h. Edicións especiais: publícanse cando un país se converte en Estado membro da UE e contén toda a lexislación da UE en vigor na data de adhesión, traducida á lingua oficial do país. As edicións especiais constan de capítulos correspondentes ao Repertorio de actos xurídicos en vigor.

Exemplo de busca no Diario Oficial:

Supoñamos que quere buscar o Diario Oficial da UE, C 250, 17 de xullo de 2018. Procederá do seguinte modo: no ano seleccionará 2018, e no cadro de “serie do DO” seleccionará “L (1968 – 2024)”, no número porá 250, e empregará o recadro azul da lupa para executar a busca.



Diario Oficial de la Unión Europea

Por intervalo de fechas

dd/mm/aaaa dd/mm/aaaa

Por referencia del DO

Año

Serie del DO

Número del DO

Ilustración 11

Unha vez feito iso, xa poderá acceder ao documento, e poderá descargalo en diferentes formatos e idiomas, de igual modo que coa busca rápida.

Todos os documentos están dispoñibles en formato PDF e HTML (senalado en verde na imaxe).

4.3 Busca por número de documento

Ademais, coa opción de buscar documentos, basta con indicar o ano e o número de publicación. Pode realizarse unha busca avanzada especificando o tipo de documento.




Ilustración 12

Unha vez feito iso, xa poderá acceder ao documento, e poderá descargalo en diferentes formatos e idiomas. Ao igual que noutras opcións de busca, está dispoñible a opción de afinar a consulta se fose preciso. Ademais existe a opción de presentación multilíngüe (varios idiomas ao mesmo tempo).

Documento L:2008:250:TOC

Diario Oficial de la Unión Europea, L 250, 18 de septiembre de 2008

Muestra todos los documentos publicados en este Diario Oficial

▼ Expandir todo ▲ Contraer todo

▼ **Lenguas y formatos disponibles**

	BG	ES	CS	DA	DE	ET	EL	EN	FR	GA	HR	IT	LV	LT	HU	MT	NL	PL	PT	RO	SK	SL	FI	SV
HTML																								
PDF																								

▼ **Texto**

Diario Oficial
de la Unión Europea

Edición en lengua española **Legislación**

Sumario *I Actos adoptados en aplicación de los Tratados CE/Euratom cuya publicación es obligatoria*

REGLAMENTOS

* **Reglamento (CE) no 889/2008 de la Comisión, de 5 de septiembre de 2008, por el que se establecen disposiciones de aplicación del Reglamento (CE) no 834/2007 del Consejo sobre producción y etiquetado de los productos ecológicos, con respecto a la producción ecológica, su etiquetado y su control**

ISSN 1725-2512

L 250

51o año
18 de septiembre de 2008

Página

1

Ilustración 13

Exemplo de busca por número de documento:

Supoñamos que quere buscar o Regulamento (UE) 2016/1036 do Parlamento Europeo e do Consello, de 8 de xuño de 2016, relativo a defensa contra as importacións que sexan obxecto de dumping por parte de países non membros da UE (versión codificada).

No cadro do ano porá “2016” (ano no que foi publicado) e no número “1036” (número da publicación). No cadro de tipo de documento escollerá regulamento. Así aparecerá de primeiro, o documento en cuestión que estaba buscando.

Resultados de la búsqueda

Criterios de búsqueda
 Sección: Todo, Año: 2016, Tipo de acto: Reglamento, Código CELEX obsoleto: 32016*1036*, 52016*1036*, Número: 1036, Idioma de la búsqueda: Español, Excluir las versiones consolidadas: Verdad

Modificar búsqueda | Guardar en Mis búsquedas | Crear en Mis alertas (Fuentes RSS) | Guardar elemento

Resultados 1 - 10 de 10 | Ordenar por: Pertinencia | 1

Personalizar la información visualizada | Exportar

Reglamento (UE) 2016/1036 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 8 de junio de 2016, relativo a la defensa contra las importaciones que sean objeto de dumping por parte de países no miembros de la Unión Europea (versión codificada)
 OJ L 176, 30.06.2016, p. 21/54 (BG, ES, CS, DA, DE, ET, EL, EN, FR, GA, HR, IT, LV, LT, HU, MT, NL, PL, PT, RO, SK, SL, FI, SV)

Vigente
 Última versión consolidada: 11/08/2020 | Autor: Parlamento Europeo, Consejo de la Unión Europea
 Código CELEX: 32016R1036 | Fecha del documento: 08/06/2016, fecha firma
 Forma: Reglamento | Número de páginas: 34

La corrección de errores no afecta a la versión española.
 OJ L, 2023/90208, 22.12.2023, ELI: <http://data.europa.eu/eli/reg/2016/1036/corrigendum/2023-12-22/oj> (MT)

Código CELEX: 32016R1036R(09) | Autor: Parlamento Europeo, Consejo de la Unión Europea
 Forma: Corrección de errores, Reglamento | Fecha del documento: 22/12/2023; fecha de publicación

Corrección de errores del Reglamento (UE) 2016/1036 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 8 de junio de 2016, relativo a la defensa contra las importaciones que sean objeto de dumping por parte de países no miembros de la Unión Europea (versión codificada) (Diario Oficial de la Unión Europea L 176 de 30 de junio de 2016)
 ST/5972/2022/INIT

Ilustración 14

Documento 32016R1036

Reglamento (UE) 2016/1036 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 8 de junio de 2016, relativo a la defensa contra las importaciones que sean objeto de dumping por parte de países no miembros de la Unión Europea (versión codificada)

DO L 176 de 30.6.2016, p. 21/54 (BG, ES, CS, DA, DE, ET, EL, EN, FR, GA, HR, IT, LV, LT, HU, MT, NL, PL, PT, RO, SK, SL, FI, SV)

Vigente: Este acto se ha modificado. Versión consolidada actual: 11/08/2020

ELI: <http://data.europa.eu/eli/reg/2016/1036/oj>

Expandir todo | Contraer todo

Idiomas, formatos y enlace al DO

HTML | PDF | Diario Oficial

BG ES CS DA DE ET EL EN FR GA HR IT LV LT HU MT NL PL PT RO SK SL FI SV

Presentación multilingüe

Español (es) | Elija | Elija | **Mostrar**

> Texto

Ilustración 15

4.4 Busca avanzada

Mediante a ferramenta de busca avanzada podemos atopar un documento específico por tema, por autor, etc.




Ilustración 16

A continuación vese a interface principal do menú de busca avanzada:




Ilustración 17

En canto á forma de busca do documento:

- Pódese buscar introduciendo palabras chave que aparezan no documento, e tamén se poden introducir palabras chave que non quere que figuren no documento.

- Tamén pode buscar o texto mediante referencias, buscando o ano e o tipo de documento.

- Mediante o autor do documento, que pode ser:

Banco Europeo

Comisión Europea

Comité económico e Social Europeo

Comité Europeo das Rexións

Consello

Consello Europeo

Parlamento

Tribunal de Contas

Tribunal de Xustiza da UE

Tribunais de Xustiza nacionais

- Mediante o código CELEX.
- Mediante a data, de publicación, de efecto, de fin de validez, de notificación, da firma, de transposición, de presentación, de pronunciamento, prazo, data de resposta, data de votación ou de debate.
- Mediante a publicación no Diario Oficial.
- Mediante tema.
- Por documentos relacionados cun proceso lexislativo.

Exemplo de busca avanzada:

Vemos como buscar: [2013/785/UE: Decisión do Consello, de 16 de decembro de 2013, relativa á celebración, en nome da UE, do Protocolo entre a UE e o Reino de Marrocos polo que se fixan as posibilidades de pesca e a contrapartida financeira establecidas.](#)



Ilustración 18

Á esquerda aparecen os criterios que se empregaron coa ferramenta de afinar a busca, para poder atopar finalmente o documento desexado.

6 XURISPRUDENCIA DA UE

En EUR-Lex pode buscar e consultar os seguintes documentos da xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da UE:

- Sentenzas e resolucións referentes a:
 - Asuntos presentados ante o Tribunal por institucións da UE, Estados membros ou persoas físicas ou xurídicas contra as institucións da UE incluíndo o Banco Central Europeo.
 - Accións exercidas contra Estados membros por incumprimento das súas obrigas derivadas dos tratados.
 - Cuestións prexudiciais formuladas ante una xurisdición nacional referentes á validez ou á interpretación do Dereito da UE.
 - Litixios entre a Unión e os seus axentes.
- Conclusións e opinións dos avogados xerais.
- Ditames emitidos polo Tribunal sobre proxectos de acordo entre a UE e terceiros países ou organizacións internacionais.



Ilustración 19




Ilustración 20

Pode especificar o tribunal e o tipo de documento, así coma o número e o ano se que-
re afinar máis a consulta.

Tamén pode acceder a todo o repertorio de xurisprudencia. Os cambios introducidos
polo Tratado de Lisboa 2009 obrigaron a modificar a clasificación que se viña apli-
cando á análise da xurisprudencia dende 1954 até 2009.

A nova clasificación vense aplicando dende 2010.

- + [1 El ordenamiento jurídico de la Unión Europea](#) [Q 3198](#)
- + [2 Contratación pública de las instituciones de la Unión](#) [Q 2113](#)
- + [3 CEE/CE - Procedimiento contencioso * Procedimiento contencioso](#) [Q 6509](#)
- + [4 Política interior de la Unión Europea](#) [Q 9861](#)
 - [5 CEE/CE - Asociación de países y territorios de Ultramar * Asociación de países y territorios de Ultramar](#) [Q 1](#)
- + [6 Política exterior](#) [Q 896](#)
- + [7 CEE/CE - Disposiciones generales y finales * Disposiciones generales y finales](#) [Q 87](#)
- + [8 Adhesión de nuevos Estados miembros](#) [Q 37](#)
- + [9 Función pública](#) [Q 1371](#)

- + [Consultar el sistema de clasificación vigente antes del Tratado de Lisboa \(hasta 2009\)](#)

Ilustración 21

Deste modo, poderá buscar sentenzas relacionadas, por exemplo, co Parlamento Europeo.

- + [1 El ordenamiento jurídico de la Unión Europea](#) [Q 3198](#)
- + [2 Contratación pública de las instituciones de la Unión](#) [Q 2113](#)
 - + [2.01 Instituciones](#) [Q 208](#)
 - [2.01.00 Aspectos generales](#) [Q 19](#)
 - [2.01.01 Parlamento Europeo](#) [Q 103](#)
 - [2.01.02 Consejo Europeo](#) [Q 4](#)
 - [2.01.03 Consejo](#) [Q 3](#)
 - [2.01.04 Comisión Europea](#) [Q 53](#)
 - [2.01.05 Tribunal de Justicia de la Unión Europea](#) [Q 11](#)
 - [2.01.06 Banco Central Europeo](#) [Q 19](#)
 - [2.01.07 Tribunal de Cuentas](#) [Q 5](#)
 - + [2.02 Otros órganos y agencias de la Unión](#) [Q 89](#)
 - + [2.03 Acceso del público a los documentos](#) [Q 225](#)
 - [2.04 Protección de datos personales](#) [Q 43](#)
 - + [2.05 Actos jurídicos de la Unión](#) [Q 1442](#)
 - + [2.06 CEE/CE - Disposiciones financieras * Disposiciones financieras](#) [Q 255](#)
 - [2.07 Cooperaciones reforzadas](#) [Q 4](#)
 - + [2.08 Contratación pública de las instituciones de la Unión](#) [Q 194](#)

Ilustración 22

6.1 Dereito e xurisprudencia nacionais

En EUR-Lex pode atopar información sobre as medidas tomadas polos estados membros para incorporar unha directiva da UE á lexislación estatél.

Para buscar unha medida de transposición nacional, pode facelo a través do código CELEX, ou mediante o número de documento e o ano de publicación.

Por exemplo, buscaremos a Directiva 2014/66/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio do 2014, relativa ás condicións de entrada e residencia de nacionais de terceiros países no marco de traslados intraempresariais.

Como explicamos no título 3, basta con Por no ano “2014” e no número de documento “66”. Na parte de elixir o tipo de documento debe seleccionar “directiva”.

Documento 32014L0066

Directiva 2014/66/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 15 de mayo de 2014, relativa a las condiciones de entrada y residencia de nacionales de terceros países en el marco de traslados intraempresariales

DO L 157 de 27.5.2014, p. 1/22 (BG, ES, CS, DA, DE, ET, EL, EN, FR, HR, IT, LV, LT, HU, MT, NL, PL, PT, RO, SK, SL, FI, SV)

Vigente: Este acto se ha modificado. Versión consolidada actual: 27/05/2014

EL: <http://data.europa.eu/eli/dir/2014/66/oj>

Idiomas, formatos y enlace al DO

Presentación multilingüe

Texto

27.5.2014 ES Diario Oficial de la Unión Europea L 157/1

DIRECTIVA 2014/66/UE DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO

de 15 de mayo de 2014

Ilustración 23

Transposición nacional

Título y referencia

Medidas nacionales de transposición comunicadas por los Estados miembros, referentes a:

Directiva 2014/66/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 15 de mayo de 2014, relativa a las condiciones de entrada y residencia de nacionales de terceros países en el marco de traslados intraempresariales

OJ L 157, 27/05/2014, p. 1/22 (BG, ES, CS, DA, DE, ET, EL, EN, FR, HR, IT, LV, LT, HU, MT, NL, PL, PT, RO, SK, SL, FI, SV)

Los Estados miembros son los únicos responsables de toda la información, facilitada por ellos, que figura en esta web sobre la transposición de la legislación de la UE en su legislación nacional. No obstante, ello no prejuzga los resultados de la comprobación por la Comisión de la completitud y exactitud de la transposición de la legislación de la UE en la nacional tal como la han notificado los Estados miembros. La colección de medidas nacionales de transposición se actualiza semanalmente.

Contraer todo / Expandir todo	Plazo(s) de transposición	Número de medidas
Belgica	01/01/1001,29/11/2016	34
Bulgaria	01/01/1001	4
Chequia	01/01/1001,29/11/2016	66
Dinamarca		0
Alemania	01/01/1001,29/11/2016	3
Estonia	01/01/1001	36
Irlanda		0
Grecia	29/11/2016	1
España	01/01/1001,29/11/2016	20

Ilustración 24

Unha vez se atope na páxina do documento debe facer clic en Transposición nacional, o que o levará á seguinte pantalla.

Unha vez aló, basta con facer clic para ver detalladamente as normativas dedicadas a adecuar a directiva ao espazo nacional correspondente. Neste caso, España.

7. TEXTOS CONSOLIDADOS

En EUR-Lex pode atopar a versión consolidada dos actos xurídicos. A versión consolidada consiste na integración dun acto xurídico coas súas sucesivas correccións ou modificacións. Para iso, reúnense varios textos, publicados en distintos números do Diario Oficial da UE, nun só “documento consolidado” máis fácil de ler. Os textos consolidados non teñen valor legal; créase unicamente con fins de documentación. Para fins legais deben empregarse os textos publicados no Diario Oficial. A oficina de Publicacións da UE consolida Regulamentos, Directivas e Decisións da UE.

De todos os modos, non consolida actos xurídicos que só están vixentes por un breve período de tempo. De media, a versión consolidada está dispoñible en EUR-Lex menos de 3 semanas despois da entrada en vigor dunha modificación publicada no Diario Oficial.



Ilustración 25

Pódese acceder aos textos consolidados dende a pantalla de inicio, facendo clic na opción “Textos consolidados”.

8. SÍNTESES DA LEXISLACIÓN DA UE

As sínteses da lexislación da UE informan dos aspectos principais da lexislación, as políticas e as actividades comunitarias de maneira clara, sinxela e concisa. Diríxense a un público non especializado e están agrupadas en 32 temas correspondentes aos ámbitos de actividade da UE.

Síntesis por temas

 Aduanas	 Agricultura	 Ampliación
 Asuntos institucionales	 Audiovisual y medios de comunicación	 Ayuda humanitaria y protección civil
 Comercio exterior	 Competencia	 Consumidores
 Cultura	 Derechos humanos	 Desarrollo
 Economía y moneda	 Educación, formación, juventud, deporte	 Empleo y política social
 Empresas	 Energía	 Fiscalidad

Ilustración 26

Facendo clic en calquera deses temas pode acceder a el. Por exemplo, “Agricultura” leva aquí:

Agricultura



Durante los comienzos de la integración europea, el deseo compartido de incrementar la producción alimentaria y reestructurar la agricultura condujo a la creación de la [política agrícola común \(PAC\)](#). Sesenta años después, la PAC es la política más antigua de la Unión Europea (UE) y proporciona un apoyo crucial a los agricultores, a las zonas rurales y a todo el sistema agroalimentario de la UE. Representa el 31 % del presupuesto total de la UE para el periodo 2021-2027.

En diciembre de 2021, se aprobó formalmente un acuerdo sobre la sexta gran reforma de la PAC, que se aplicará a partir de 2023. Su objetivo será garantizar un futuro sostenible para los agricultores europeos, ofrecer ayudas más específicas a las explotaciones más pequeñas y permitir una mayor flexibilidad a los Estados miembros de la UE para adaptar las medidas a las condiciones locales.

Esto allanará el camino hacia una PAC más justa, más ecológica y más basada en el rendimiento, lo que proporcionará un suministro de alimentos estable, seguro y saludable para los ciudadanos de la UE. La agricultura y las zonas rurales son elementos fundamentales para el [Pacto Verde Europeo](#), y la nueva PAC será una herramienta clave para alcanzar las ambiciones de la Estrategia «De la Granja a la Mesa» y la Estrategia sobre Biodiversidad.

[Expandir todo](#) [Contraer todo](#)

- [Política agrícola común \(PAC\)](#)
- [Regímenes de financiación y ayuda](#)
- [Productos agrícolas](#)
- [Organismos modificados genéticamente \(OMG\) – normas de protección de los consumidores](#)
- [Pesticidas y fertilizantes](#)
- [Relaciones con otras políticas: competencia y comercio](#)
- [Estadísticas europeas](#)
- [Resúmenes archivados](#)

Ilustración 27

Dende alí pode acceder a diferentes temas, por exemplo a normas de la UE para la comercialización de plantóns de froiteiro

- **Productos agrícolas**
- **Normas de la UE para la comercialización de plantones de frutal**
- Productos vitivinícolas aromatizados
- Regímenes de certificación de la calidad alimentaria
- Protección de indicaciones geográficas: Acta de Ginebra del Arreglo de Lisboa
- Producción y etiquetado de los productos ecológicos (hasta 2021)
- Normas de comercialización del aceite de oliva
- Derechos de importación en los sectores de la carne de aves de corral y de los huevos
- Acuerdo entre la Unión Europea e Islandia sobre la protección de las indicaciones geográficas de los productos agrícolas y alimenticios
- Estrategia «de la granja a la mesa» para un sistema alimentario justo, saludable y respetuoso con el medio ambiente
- Acuerdo entre la Unión Europea y China sobre protección de indicaciones geográficas
- Normas de la Unión Europea sobre producción y etiquetado de productos ecológicos (a partir de 2022)

Ilustración 28

Así pode acceder ás normas pertinentes:

Síntesis de la legislación de la UE

Presentación multilingüe

Español (es) Elija Elija **Mostrar**

TÍTULO

Normas de la UE para la comercialización de plantones de frutal

SÍNTESIS DEL DOCUMENTO: [Enlace a la síntesis del documento](#)

Directiva 2008/90/CE sobre la comercialización de materiales de multiplicación de frutales y de plantones de frutal destinados a la producción frutícola

¿CUÁL ES EL OBJETIVO DE ESTA DIRECTIVA?

- Esta Directiva actualiza y mejora la normativa de la UE para garantizar que los compradores reciban materiales de multiplicación* y plantones de frutal sanos y de buena calidad.
- Mejora y racionaliza el sistema normativo según el cual operan las empresas, reflejando los avances científicotécnicos y estableciendo condiciones claras que deban cumplirse a fin de satisfacer las nuevas necesidades de los consumidores y de la industria.
- Esta Directiva es una [refundición](#) y sustituye a la Directiva [92/34/CEE](#) del Consejo.

Ilustración 29

Deste modo terá acceso ao documento nas linguas oficiais, en formato HTML. O texto contén a información máis importante da norma: síntese do documento, obxectivo, puntos chave, data da entrada en vigor, antecedentes, documento principal e actos conexos.

9. CONTA DE USUARIO

Non precisa ter unha conta de usuario para buscar información. De todas maneiras, rexistrándose en EUR-Lex pode:

- Establecer as súas preferencias para a páxina, a busca, a exportación e a impresión.
- Gardar documentos e buscas.
- Seguir un procedemento legislativo.
- Crear as súas fontes RSS persoais baseadas nas súas propias buscas.
- Facer preguntas sobre o dereito da UE aos membros da comunidade europea e tamén responder a preguntas.

9.1 Rexistrarse en EUR-Lex

Para rexistrarse en EUR-Lex basta con ter unha conta de correo electrónico.





Ilustración 30

Siga o enlace “Crear unha conta” e encha os campos do formulario. Revise a política de privacidade, marque a casa correspondente e faga clic en “Crear unha conta”. Recibirá un correo electrónico para confirmar o rexistro.

O correo levarao a un enlace para elixir contrasinal e despois a unha páxina de EUR-Lex na que personalizará a súa conta enchendo o seguintes seis apartados:



✓ You are all set.

Ilustración 31

9.2 Gardar elementos

Despois de realizar unha busca, pode gardar o documento coa opción de “Gardar elemento”



Ilustración 32

Seguidamente apareceralle a pantalla a continuación:




Ilustración 33

Nesta xanela pode poñer o nome que precise para o cartafol e incluso pode pór algún comentario se é preciso. Despois de pulsar o botón de gardar poderá acceder ao cartafol acabado de crear dende a súa conta persoal, facendo clic en os “meus elementos”.




Ilustración 34

Alí apareceranlle todos os cartafoles que gardara. O nome do cartafol debe aparecer á esquerda e a data da última modificación ao lado.

9.3 Gardar busca

Da mesma maneira que se poden gardar elementos, tamén pode gardar buscas.

Por exemplo, na busca avanzada podemos seleccionar documentos nos que aparece a palabra “pesca” e “Marrocos” no título e o no texto. En sección poñemos “Dereito e xurisprudencia da UE”, na subsección “acordos internacionais”, no código de repertorio (1º. nivel) “Relaciones exteriores”, e en autor “España”.




Ilustración 35

Igual que en “gardar elementos” apareceralle unha xanela coa opción de nomear e poñer un comentario á busca.

Para ver a busca gardada, basta con facer coma cos elementos gardados.




Ilustración 36

Picando nas súas buscas poderá ver todas as súas buscas gardadas, modificalas e realízalas novamente. Poderá tamén ver o historial das súas buscas, gardalas, modificalas e realízalas novamente.

Tamén ten a opción de crear alertas RSS. Basta con facer clic sobre “Gardar a miña RSS”:



Ilustración 37

Coas RSS pode seguir as novas publicacións en EUR-Lex relacionadas con documentos e procedementos que gardase, e que chegarán mediante correo electrónico.

9.4 Seguir un procedemento lexislativo

Se xa ten unha conta de EUR-Lex (e soamente desta maneira) poderá acceder ao seguimento das normas. Pode verse o procedemento de calquera instrumento elaborado pola UE, dende o inicio até que é aprobado polo Parlamento e a Comisión. Por

exemplo, o Regulamento (UE) 2015/848 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio do 2015, sobre procedementos de insolvencia.




Ilustración 38

Ao buscar este documento, na parte esquerda da pantalla pode ver, sinalada cunha frecha, a opción de procedemento; un clic levarao á seguinte pantalla:

A páxina de procedemento dará os seguintes detalles:

- Unha cronoloxía coloreada dos pasos do procedemento legislativo entre as tres institucións implicadas (Comisión, Consello e Parlamento Europeo).
- Que procedemento administrativo segue a proposta (procedemento legislativo ordinario, aprobación d Parlamento, consulta do Parlamento).
- O fundamento xurídico da proposta.
- Quen é a persoa ou o servizo responsable da proposta (moi útil para facer unha consulta a alguén pertencente ás institucións).
- Calquera documento relacionado coa proposta (documentos de traballo, avaliación de impacto e resumos executivos).
- O código CELEX da proposta (moi útil para buscar os obxectivos nas páxinas e nas bases de datos de todas as institucións).
- Un seguimento cronolóxico paso a paso da proposta con calquera documento relacionado (por exemplo o texto dunha resolución do Parlamento ou publicacións no Diario Oficial da UE).

Aquí pode observar detalladamente o proceso de adopción dun documento, dende o que propón a Comisión até que é aprobado polo Parlamento Europeo e o Consello:




Ilustración 39